

INSTRUCCIÓN NÚMERO 2/2012 DA SECRETARÍA XERAL, SOBRE O SISTEMA DE NOMEAMENTO DE TRIBUNAIS E AVALIACIÓN DE TESES PARA ALUMNOS/AS QUE INICIARAN OS ESTUDOS CONFORME A NORMATIVAS ANTERIORES AO REAL DECRETO 99/2011, DO 28 DE XANEIRO.

O 10 de febreiro de 2011 publicouse no BOE o Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento.

A Universidade de Santiago de Compostela debe acometer neste curso académico a adaptación dos seus programas a esta nova regulación, así como establecer o novo réxime xurídico do doutoramento conforme ao citado precepto estatal.

Non obstante o anterior, a disposición transitoria primeira do citado Real Decreto sinala que “A los doctorandos que en la fecha de entrada en vigor de este real decreto hubiesen iniciado estudios de doctorado conforme a anteriores ordenaciones, les será de aplicación las disposiciones reguladoras del doctorado y de la expedición del título de Doctor por las que hubieren iniciado dichos estudios. En todo caso, el régimen relativo a tribunal, defensa y evaluación de la tesis doctoral previsto por el presente real decreto será aplicable a dichos estudiantes a partir de un año de su entrada en vigor.”

En consecuencia todo o relativo ao Tribunal, defensa e avaliación debe aplicarse anticipadamente a partir do 10 de febreiro de 2012.

Para clarificar a situación e facer compatible o actual regulamento do terceiro ciclo e as novidades recollidas no Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, faise necesario informar e clarificar o réxime de nomeamento de tribunais e o sistema de defensa e avaliación das teses.

Por todo o anterior, cómpre ditar a seguinte Instrución:

PRIMEIRO.- NORMATIVA APLICABLE

Nas materias de nomeamento de tribunais e defensa e avaliación das teses será de aplicación directa o Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, e de aplicación subsidiaria o Regulamento de Terceiro Ciclo da USC. Para o resto das materias seguirá en vigor o citado Regulamento do Terceiro Ciclo.

SEGUNDO.- NOMEAMENTO DE TRIBUNAIS

En todo caso, os tribunais estarán formados por unha maioría de membros externos á Universidade de Santiago e ás institucións colaboradoras do programa. Esta situación deberá terse en conta tamén a efectos de designación de suplentes.

TERCEIRO.- DOCUMENTO DE ACTIVIDADES

Dado que non está implantado o documento oficial de actividades a que fai referencia o artigo 2.5 do Real Decreto, o doutorando poderá presentar no momento de defensa da tese, un documento no que se faga un relatorio das actividades formativas levadas a cabo polo doutorando. Este documento non dará lugar a unha puntuación cuantitativa pero poderá servir como un instrumento de avaliación cualitativa que complementará á avaliación da tese de doutoramento.

CUARTO.- AVALIACIÓN

O tribunal emitirá un informe e a cualificación global concedendo á tese cualificación de «apto» ou «non apto».

A única cualificación que deberá figurar nas actas de avaliación das teses realizadas a partir do 10 de febreiro de 2012 será de «apto» ou «non apto».

O tribunal poderá propoñer que a tese obteña a mención de «cum laude» se se emite en tal sentido o voto segredo positivo por unanimidade do tribunal.

A USC, a través do Centro de Posgrao, habilitará os mecanismos precisos para a materialización da concesión final da citada mención, garantindo que o escrutinio dos votos se realice en sesión diferente da correspondente á defensa da tese.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2012



A Secretaria Xeral



Lourdes Noya Ferreiro